

ABAU 2024

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**FUNDAMENTOS DA ARTE**  
**(Cód. 50)**

**PREGUNTA 1. Claude MONET e Joan MIRÓ.**

**Claude MONET: (Bloque 3. As vangardas, B3.6/B3.7).**

**Joan MIRÓ: (Bloque 5. O Surrealismo e outras vangardas, B5.3 / B5.4).**

**1.1.** Sitúe os dous artistas no seu contexto histórico (económico, social, cultural...). Puntuación ata 1,25 puntos.

- Situar o contexto histórico de Claude MONET. Segunda metade do s.XIX, Francia segundo Imperio Napoleón III, Revolución Industrial, progresos tecnolóxicos e científicos, etc. Ata 0,50 puntos.

- Situar o contexto histórico de Joan MIRÓ. Primeira metade do s.XX, Guerra civil española, Segunda guerra mundial. Ata 0,50 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**1.2.** Determinar a traxectoria dos dous artistas. Puntuación ata 1,25 puntos.

- Claude MONET (1840-1926). Impresionismo, citar a autores impresionistas, etc. Ata: 0,50 puntos.

- Joan MIRÓ (1893-1983). Evolución da pintura de Miró do surrealismo pasando polo expresionismo abstracto ata un linguaxe único. Ata: 0,50 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**PREGUNTA 2. Análise das obras propostas**

**2.1.** Identifique e describa o estilo ao que pertence “**Meules**” de MONET e analice as características formais desta obra. Puntuación ata 1,25 puntos.

- Características do Impresionismo e características formais da obra en cuestión. Ata: 0,75 puntos.

- Citar outros artistas relacionados, ata: 0,25 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**2.2.** Identifique e describa o estilo ao que pertence “*Vides y olivos*” de MIRÓ e analice as características formais desta obra. Puntuación ata 1,25 puntos.

- Características do surrealismo e características formais da obra en cuestión, ata: 0,75 puntos.

- Citar outros artistas relacionados, ata: 0,50 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**PREGUNTA 3.** Reflexión sobre “*Meules*” de MONET, atendendo: ao contido simbólico, á intencionalidade expresiva do artista e á diferenza de percepción entre a época da obra proposta e a actualidade (interpretación persoal coma espectador). Puntuación ata 2,5 puntos.

Exposición clara das ideas:

- Aspectos xerais da obra ata 0,75 puntos.

- Emprego de terminoloxía específica da arte ata 0,5 puntos.

- Aportacións persoais ata 1 punto.

- Valorarase a claridade expositiva ata 0,25 puntos.

**PREGUNTA 4.** Reflexión sobre “*Vides y olivos*” de MIRÓ, atendendo: ao contido simbólico, á intencionalidade expresiva do artista e á diferenza de percepción entre a época da obra proposta e a actualidade (interpretación persoal coma espectador). Puntuación ata: 2,5 puntos.

Exposición clara das ideas:

- Aspectos xerais da obra ata: 0,75 puntos.

- Emprego de terminoloxía específica da arte ata: 0,5 puntos.

- Aportacións persoais ata: 1 punto.

- Valorarase a claridade expositiva ata: 0,25 puntos.

### **PREGUNTA 5. Pierre BONNARD e Salvador DALÍ.**

**Pierre BONNARD: (Bloque 3. As Vangardas, B3.10)**

**Salvador DALÍ: (Bloque 5. O Surrealismo e outras Vangardas, B5.1 / B5.2)**

**5.1.** Sitúe os dous artistas no seu contexto histórico (económico, social, cultural...) Puntuación ata 1,25 puntos.

- Situar o contexto histórico de Pierre BONNARD. Finales do s.XIX, Revolución Industrial, progresos tecnolóxicos e científicos, etc. Ata 0,50 puntos.

- Situar o contexto histórico de Salvador DALÍ. Primeira metade do s.XX, Guerra civil española, Segunda guerra mundial. Ata 0,50 puntos.

- *Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.*

**5.2.** Determinar a traxectoria dos dous artistas. Puntuación ata 1,25 puntos.

- Pierre BONNARD (1867–1947). Postimpresionismo e os Nabis. Formación e influencias artísticas e importancia da súa obra, etc. Ata: 0,50 puntos.

- Salvador DALÍ (1904–1989). Surrealismo. Etapas na súa obra, transcendencia artística, cita de obras do autor, etc. Ata 0,50 puntos.

-Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

### **PREGUNTA 6. Análise das obras propostas.**

**6.1.** Identifique e describa o estilo ao que pertence “*La toilette*” de Pierre BONNARD e analice as características formais desta obra. Puntuación ata 1,25 puntos.

- Características da obra de Pierre BONNARD e a súa relación co Postimpresionismo e os nabis, características formais da obra en cuestión. Ata 0,75 puntos.

- Citar outros artistas relacionados. Ata 0,25 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**6.2.** Identifique e describa o estilo ao que pertence “*Retrato*” de Salvador DALÍ e analice as características formais desta obra. Puntuación ata 1,25 puntos.

- Características da obra de Salvador DALÍ e do surrealismo, características formais da obra en cuestión. Ata 0,75 puntos.
- Citar outros artistas relacionados. Ata 0,25 puntos.
- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,50 puntos.

**PREGUNTA 7.** Reflexión sobre “*La toilette*” de Pierre BONNARD, atendendo: ao contido simbólico, á intencionalidade expresiva do artista e á diferenza de percepción entre a época da obra proposta e a actualidade (interpretación persoal como espectador). Ata 2,5 puntos.

Exposición clara das ideas:

- Aspectos xerais da obra ata 0,75 puntos.
- Emprego de terminoloxía específica da arte ata 0,5 puntos.
- Aportacións persoais ata 1 punto.
- Valorarase a claridade expositiva ata 0,25 puntos.

**PREGUNTA 8.** Reflexión sobre “*Retrato*” de Salvador DALÍ, atendendo: ao contido simbólico, á intencionalidade expresiva do artista e á diferenza de percepción entre a época da obra proposta e a actualidade (interpretación persoal coma espectador). Puntuación ata 2,5 puntos.

Exposición clara das ideas:

- Aspectos xerais da obra ata 0,75 puntos.
- Emprego de terminoloxía específica da arte ata 0,5 puntos.
- Aportacións persoais ata 1 punto.
- Valorarase a claridade expositiva ata 0,25 puntos.